

VI CERZAME DE POESÍA



información:

cultura.deportes@concellodenegreira.es
www.concellodenegreira.es

981 885 886

Prazo de presentación das obras
do **17 de xullo**
ao **4 de decembro**

Entrega de Premios
Venres **22 de Decembro**

XOSÉ - MANUEL LÓPEZ GÓMEZ

- Seudónimo: XOSÉ-M. LÓPEZ "ARDEIRO".
- Naceu o 15 de Xuño do 1.944, en Chancela-Logrosa-NEGREIRA.
- Faleceu o 21 de Decembro do 2.007, en Ferrol.
- Traballou no Rexistro da Propiedade de Negreira ata Xuño do 2.006.
- Foi membro fundador da Sociedade Cultural "Afonso Eanes" de Negreira.
- Foi así mesmo membro fundador, e Secretario, da ONG "Alén Mar".
- Participou en diversas actividades sociais e culturais, e na política da esquerda nacionalista.
- Formou parte do orfeón compostelán "Terra a nosa".
- Colaborou nos libros Coroa Poética para Castelao, de Xesús Alonso Montero; Negreira na guerra do 36, Arredor do Centenario da Rosalía, 1.985; O centenario de Castelao na lembranza, 1.986; Feiraco e o Val de Barcala-Un camiño de progreso, Maruxa na Casa Museo de Rosalía e Vinte anos trobando coa cultura. Afonso Eanes, 1.976-1.996, de Xosé Amancio Liñares Giraut; e Valle Inclán, o que non fenece, de Xosé Barreiro Luaria.
- Colaborou nas revistas Ateneo Ferrolán, Concepción Arenal, Ferrol análise, Dorna, 24 folias, no Boletín Afonso Eanes, e na prensa galega, especialmente no xornal O Norte, no que levou un tempo a sección "Sempre haberá poesía".
- Publicou os seguintes libros individuais, todos de POESIA: Na néboa dunha esperanza (Premio Cidade de Ourense), Editorial Limbo, 1.981; En bela sombra e amaranto (Premio Celso Emilio Ferreiro do Concello de Vigo), Algalia Ediciones, 1.985; O matiz esmeralda da sombra (Premio Eusebio Lorenzo Baldeón do Concello de Dodro), Edicións do Castro, 1.988; Sombras e outras presencias, Biblioteca II/4 de El Correo Gallego, 1.992; Un xardín no tempo, 3C3 Editores, 2.001; e Versos de ausencia e desagravio, Espiral Mayor, 2.005.
- Deixou catro traballos rematados e preparados para editar: unha novela curta e un ensaio, así como dous poemarios que foron publicados en edición póstuma integrados nun só libro: Un tempo de amor e de voces na diáspora, Espiral Maior, colección Alba Longa, 2.010.
- Os seis libros publicados en vida do autor foron prologados, respectivamente, por: Xosé-A. Ponte Far, Xosé-Amancio Liñares Giraut, Ávalino Albuin de Tembra, Luis Alonso Girogado, Luisa Villalta e Xulio-L. Valcárcel. O seu libro póstumo foi prologado por Xosé-A. Ponte Far.
- Da súa obra literaria fixeron reseñas en xornais ou revistas, Xosé-A. Ponte Far, Xosé-Amancio Liñares Giraut, Román Raia, Helena Vilar, Xulio L. Valcárcel, Vicente Aragúas e Manuel Álvarez Torneiro.



CONCELLO DE
NEGREIRA




CULTURA E DEPORTES
www.concellodenegreira.es



XUNTA
DE GALICIA

XOSÉ M. LÓPEZ ARDEIRO



NEGREIRA

VI CERZAME DE POESÍA



1. Ao premio de poesía "Xosé M. López Ardeiro" poderán concorrer todas as persoas que o desexen, coa única condición de que a obra presentada estea escrita en língua galega e cun máximo dunha obra por autor.
2. Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e non ter sido premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame.
3. Os traballos estarán escritos en língua galega e terán unha extensión mínima de 350 versos e máxima de 700, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espacio, con absoluta liberdade do autor/a en canto a estrofas, medida e rima.
4. Os participantes presentarán unha copia impresa e unha dixital (en formato word ou pdf), sen firma, constatando neles soamente o título e o lema. Achegarase outro sobre pechado que conterá no seu interior o lema xunto co nome, dous apelidos, fotocopia do D.N.I. e teléfono do autor/a, e no exterior de dito sobre consignarase o lema e o certame ao que se presenta. Só se abrirán os sobres dos traballos premiados. Así mesmo deberá acompañarse ao traballo unha declaración xurada de que se cumple o requisito do punto primeiro, é dicir, que é inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, declaración que será introducida no sobre cos datos persoais xa citados.
5. Deberán ser entregados en:
Delegación de Cultura e Deportes
Carreira de San Mauro nº 11 "Casa de Cultura - 1º planta"
15830 Negreira - A Coruña
cultura.deportes@concellodenegreira.es
6. O premio de poesía "Xosé M. López Ardeiro" consistirá na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de 200 exemplares e 700 euros en metálico por parte do Concello de Negreira.
Ao segundo clasificado, un premio de 300 euros en metálico por parte do Concello de Negreira.
7. As obras poderán entregarse entre o 17 de xullo e o 4 de decembro de 2017.
8. O xurado estará formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do Concello que designe o alcalde, a súa composición só se fará pública coincidindo coa difusión do seu ditamen. Ao xurado, que actuará con liberdade e discreción, e cuxas decisións son inapelables, corresponderá discutir e emitir o ditamen, así como outorgar o premio a unha soa obra ou declaralo ex aequo, con accésits ou finalistas, e/ou deserto.
9. A entrega de premios será o 22 de decembro de 2017, no 10º Aniversario do falecemento do poeta de Logrosa, Xosé M. López Ardeiro.
10. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.